

HISTORIA DA FILOSOFÍA

O exame consta de 4 preguntas compostas por comentario de texto filosófico e desenvolvemento dun tema. Deberá contestar **UNHA DAS CATRO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só será corrixida a primeira respondida**.

PREGUNTA 1. Responda os dous apartados:

1.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*”.

(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

De seguido, reflexionando sobre o feito de eu dubidar e que, en consecuencia, o meu ser non era completamente perfecto, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorréuseme pensar de onde aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser dalgunha natureza que fose en efecto máis perfecta. (...) Pero non podía ocorrer o mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada; e como non hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto, do que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampoco de min mesmo. De xeito que só quedaba que ela fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus.

(DESCARTES: *Discurso do método*, Parte IV).

1.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 1.2.1. Realidade e coñecemento en Platón.
- 1.2.2. Platón: antropoloxía e política.
- 1.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

PREGUNTA 2. Responda os dous apartados:

2.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade”.

(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tanto dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira? Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.

(HUME: *Tratado da natureza humana*, Libro I, Parte I, Sección VI).

2.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 2.2.1. Física e metafísica en Aristóteles.
- 2.2.2. Ética e política en Aristóteles.
- 2.2.3. Nietzsche: crítica da cultura occidental.

PREGUNTA 3. Responda os dous apartados:

3.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Realidade e coñecemento en Platón”.
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

SÓCRATES.— (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non aprendese. De xeito que non hai que sorprenderse que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada empece para que un, recordando unha soa cousa –iso que os homes chaman aprender–, encuentre todas as demais, se é valente e teimudo na busca. Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias. (...)

MENÓN.— Si, Sócrates. Pero como dis iso de que non aprendemos, senón que o que chamamos aprender non é máis que reminiscencia? Poderasme ensinar que isto é así?

(PLATÓN: *Menón*, 81c-82a).

3.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

3.2.1. O liberalismo político de Locke.

3.2.2. Os límites do coñecemento en Kant.

3.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

PREGUNTA 4. Responda aos dous apartados:

4.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Todo home quere entender; ningún hai que non o queira; non todos queren crer. Dime un home: “Entenda eu para que poida crer”. Respóndolle: “Cre para que poidas entender”. E xa que naceu entre nós unha controversia tal, por así dicilo, cando me dixo un “Entenda eu para que poida crer”, e eu respondinlle: “mellor cre para que poidas entender”, vaíamos con esta controversia onda o xuíz e ningún dos dous presuma que a sentenza caerá da súa parte. A que xuíz iremos? Se examinamos a todos os homes, non sei a que outro xuíz podemos atopar mellor que ao home polo cal Deus fala. Non vaíamos, pois, neste asunto e controversia, aos autores profanos, non sexa o noso xuíz un poeta, senón un profeta.

(AGOSTIÑO DE HIPONA: “Sermón 43”).

4.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

4.2.1. Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

4.2.2. Razón e progreso na Ilustración.

4.2.3. Ortega y Gasset: a razón vital.

El examen consta de 4 preguntas compuestas por comentario de texto filosófico y desarrollo de un tema. Deberá contestar **UNA DE LAS CUATRO PREGUNTAS**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirá la primera respondida**.

PREGUNTA 1. Responda los dos apartados:

HISTORIA DA FILOSOFÍA

1.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Descartes: el problema del método y la evidencia del *cogito*”. (6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Después de lo cual, hube de reflexionar que, puesto que yo dudaba, no era mi ser enteramente perfecto, pues veía claramente que hay más perfección en conocer que en dudar; y se me ocurrió entonces indagar por dónde había yo aprendido a pensar en algo más perfecto que yo; y conocí evidentemente que debía de ser por alguna naturaleza que fuese efectivamente más perfecta. (...) Pero no podía suceder otro tanto con la idea de un ser más perfecto que mi ser, pues era cosa manifiestamente imposible que la tal idea procediese de la nada; y como no hay menor repugnancia en pensar que lo más perfecto sea consecuencia y dependencia de lo menos perfecto que en pensar que de nada provenga algo, no podía tampoco proceder de mí mismo; de suerte que sólo quedaba que hubiese sido puesta en mí por una naturaleza verdaderamente más perfecta que soy yo, y poseedora inclusive de todas las perfecciones de que yo pudiera tener idea; esto es, para explicarlo en una palabra, por Dios.

(DESCARTES: *Discurso del método*, Parte IV).

1.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

1.2.1. Realidad y conocimiento en Platón.

1.2.2. Platón: antropología y política.

1.2.3. Alienación e ideología en Marx.

PREGUNTA 2. Responda los dos apartados:

2.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desenvuelva la cuestión: “Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad”. (6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Me gustaría preguntar a esos filósofos que basan en tan gran medida sus razonamientos en la distinción de sustancia y accidente, y se imaginan que tenemos ideas claras de cada una de estas cosas, si la idea de sustancia se deriva de las impresiones de sensación o de las de reflexión. Si nos es dada por nuestros sentidos, pregunto: ¿por cuál de ellos, y de qué modo? Si es percibida por los ojos, deberá ser un color; si por los oídos, un sonido; si por el paladar, un sabor; y lo mismo con respecto a los demás sentidos. Pero no creo que nadie afirme que la sustancia es un color, un sonido o un sabor. La idea de sustancia deberá derivarse, entonces, de una impresión de reflexión, si es que realmente existe. Pero las impresiones de reflexión se reducen a nuestras pasiones y emociones, y no parece posible que ninguna de éstas represente una sustancia. Por consiguiente, no tenemos ninguna idea de sustancia que sea distinta de la de una colección de cualidades particulares, ni poseemos de ella otro significado cuando hablamos o razonamos sobre este asunto.

(HUME: *Tratado de la naturaleza humana*, Libro I, Parte I, Sección VI).

2.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

2.2.1. Física y metafísica en Aristóteles.

2.2.2. Ética y política en Aristóteles.

2.2.3. Nietzsche: crítica de la cultura occidental.

PREGUNTA 3. Responda los dos apartados:

3.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Realidad y conocimiento en Platón”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

SÓCRATES.– (...) El alma, pues, siendo inmortal y habiendo nacido muchas veces, y visto efectivamente todas las cosas, tanto las de aquí como las del Hades, no hay nada que no haya aprendido; de modo que no hay de qué asombrarse si es posible que recuerde, no sólo la virtud, sino el resto de las cosas que, por cierto, antes también conocía. Estando, pues, la naturaleza toda emparentada consigo misma, y habiendo el alma aprendido todo, nada impide que quien recuerde una sola cosa —eso es lo que los hombres llaman aprender—, encuentre él mismo todas las demás si es valeroso e infatigable en la búsqueda. Pues, en efecto, el buscar y el aprender no son otra cosa, en suma, que una reminiscencia. (...)

MENÓN.– Sí Sócrates, pero ¿cómo es que dices eso de que no aprendemos, sino que lo que denominamos aprender es reminiscencia? ¿Podrías enseñarme que es así?

(PLATÓN: *Menón*, 81c-82a).

3.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

3.2.1. El liberalismo político de Locke.

3.2.2. Los límites del conocimiento en Kant.

3.2.3. Alienación e ideología en Marx.

PREGUNTA 4. Responda los dos apartados:

4.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Todos los hombres quieren entender; nadie hay que no lo quiera, mas no todos quieren creer. Se me dice: “Entienda yo y creeré”. Yo le respondo: “Cree y entenderás”. Habiendo, pues, surgido entre nosotros una como controversia por decir uno: “Entienda yo y creeré”, y responder yo: “Más bien cree y comprenderás”, llevemos el pleito al juez, y ninguno de los dos presuma fallar en causa propia. ¿A qué juez iremos? Examinando uno a uno a todos los hombres, no veo podamos hallar otro superior al hombre por quien Dios habla. No vayamos, pues, en esta controversia y asunto a los autores profanos; sea nuestro juez no un poeta, sino un profeta.

(AGUSTÍN DE HIPONA: “Sermón 43”).

4.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

4.2.1. Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad.

4.2.2. Razón y progreso en la Ilustración.

4.2.3. Ortega y Gasset: la razón vital.